

SUSPENSIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DA I EDICIÓN DO “CURSO DE FORMACIÓN EN NEGOCIACIÓN COLECTIVA E INDIVIDUAL NO ÁMBITO LABORAL”.

A Coruña, 22 de setembro de 2020.

REUNIDOS

Dunha banda, dona María Luísa Peña Cebreiro, secretaria xeral do Consello Galego de Relacións Laborais, nomeada por Orde da Consellería de Asuntos sociais, Emprego e Relacións Laborais de 28 de marzo de 2003, publicada no DOG núm. 69, do 08.04.2003, que actúa en funcións de presidenta en virtude do disposto no artigo 10.3.h) da Lei 5/2008, do 23 de maio, reguladora do Consello Galego de Relacións Laborais (DOG núm. 112 do 11 de xuño de 2008).

E doutra banda, don Julio Abalde Alonso, Sr. Reitor da Universidade da Coruña (UDC) nomeado segundo Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro de 2020 (DOG núm. 7, do 13 de xaneiro de 2020), actuando en nome e representación desta, en virtude das facultades que lle confiren os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG núm. 100 do 26 de maio de 2004), modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro de 2007 (DOG núm. 201 do 17 de outubro de 2007).

Ambas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e recoñécense reciprocamente capacidade xurídica de contratar e de obrigarse nos termos do presente convenio.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que con data 31 de maio e 5 de xuño, respectivamente, as partes asinaron dixitalmente o convenio de colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade da Coruña para a realización da primeira edición do “Curso de formación en negociación colectiva e individual no ámbito laboral”.

Segundo.- Que a cláusula oitava do dito convenio prevé o seguinte:

“Se as autoridades sanitarias competentes deciden, sempre por posibles eventualidades do COVID-19, que non é aconsellable a docencia presencial establecida no curso, a UDC e o Consello Galego de Relacións Laborais acordarán o seguinte:

1. No caso de que o curso non teña comezado, adiárase a súa realización ata que remate a emerxencia sanitaria ou, de ser o caso, este convenio quedará sen efecto e suspenderase a realización do curso ata o ano 2021.

2. No caso de que o curso teña comezado, continuará a docencia de forma non presencial, habilitándose os medios para garantir que se imparta en liña a docencia presencial suspendida que quedase pendente de dar”.

Terceiro.- Que, en base ao establecido no apartado 1 da devandita cláusula, ao existir unha plena coincidencia entre as partes asinantes nos obxectivos perseguidos, así como a vontade de colaborar nos seus respectivos ámbitos de actuación.

ACORDAN:

Primeiro. Deixar sen efecto o convenio de colaboración entre o Consello Galego de Relacións Laborais e a Universidade da Coruña para a realización da primeira edición do “Curso de formación en negociación colectiva e individual no ámbito laboral”, posto que a evolución da pandemia provocada polo COVID-19 aconsella non levar a cabo a docencia presencial establecida no curso.

Segundo. Suspende a realización do referido curso ata o ano 2021.